



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 (CASA DO PREGON) (Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net

CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELC: MU 2000/15

### M<sup>a</sup> DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA EN ACUMULACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

**CERTIFICO: Que na sesión de Xunta de Goberno Local celebrada o 30.01.2017 adoptouse o seguinte acordo:**

#### **“3. CONTRATO OBRA “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E PARQUES INFANTÍS” SUBVENCIONADAS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

Dáse conta da proposta de alcaldía do 09.09.2016.

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras de “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E PARQUES INFANTÍS”, así coma os informes de intervención e secretaría obrantes no expediente e a proposta formulada pola mesa de contratación, e conforme á documentación aportada polo contratista.

Visto o informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 16.07.2015, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato de obras “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS E PARQUES INFANTÍS” a Jardinería Arce SL, por importe de 38.750,01 €, IVE incluído e un prazo de duración de 30 días, conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e á oferta presentada por ser esta a máis vantaxosa de todas as ofertas presentadas conforme ao cadro:

ORDE	EMPRESAS	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1	Jardinería Arce SL	35	58,67	93,67
2	Ramón Vázquez y Reino SL	40	46,32	86,32
3	Jardíncelas	40	45,22	85,22
4	González y González Construcciones	40	40,03	80,03
5	Sotocoresma SL	23,5	50,56	74,06
6	López Cao SL	40	16,88	56,88

**Segundo.-** Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

**Terceiro.-** Notificar o acordo ao resto de licitadores e ao contratista e emprazarlle para que no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación do acordo se persone no Concello para a sinatura do contrato.

**Cuarto.-** Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no Perfil do contratante no prazo de corenta e oito días a contar dende a data do presente acordo.

**Quinto.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que

se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”.

E para que conste e xurda os efectos oportunos expido o presente certificado, coas salvidades recoñecidas no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Ponteceso, a 13 de marzo de 2017.

